



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Literatura Galega | Código | 613G02012 | |
| Titulación | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | Anual | Segundo | Obrigatoria | 9 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Lopez Fernandez, Maria Teresa | Correo electrónico | t.lopez@udc.es | |
| Profesorado | Eirin García, Leticia | Correo electrónico | leticia.eirin@udc.es | |
| | Lopez Fernandez, Maria Teresa | | t.lopez@udc.es | |
| | Lourido Hermida, Isaac | | isaac.lourido@udc.es | |
| | Samartin López-Iglesias, Roberto | | roberto.samartin@udc.es | |
| Web | www.udc.es/filo | | | |
| Descrición xeral | Estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A4 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega. |
| A7 | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. |
| A9 | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A17 | Ter un coñecemento avanzado da literatura galega. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---------------------------|---|-----------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Coñecer e aplicar as técnicas de análise literaria. | A1 A2 A15 | B7 |



| | | | |
|---|-------------------------|----------------|----------|
| Realizar por escrito documentos científicos (recensións, comentarios, etc.) | A2 A9 A11 A15 | B1 B6 B7 | C6 |
| Coñecer as principais etapas da literatura galega, da Idade Media á contemporaneidade. | A7 A11 A14 A17 | B3 B8 | C6 |
| Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á literatura galega. | A11 A14 | B1 B3 B7 | C6 |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica. | A7 A11 A14 A15 | B9 B10 | C1 C6 |
| Coñecer e manexar os principais recursos web e bibliográficos sobre a literatura galega nas súas diferentes etapas. | A11 | B1 B3 | C6 |
| Ser capaz de pór en relación os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras de características similares. | A11 A14 A15 | B3 B5 | C6 |
| Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia. | A4 A9 A15 | B4 | C1 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A literatura galega | 1.1 Definición, caracterización, periodización. Cuestións metodolóxicas. |
| 2. Literatura medieval galego-portuguesa. | 2.1 Lírica profana. Cantiga de amor. Cantiga de amigo. Cantiga de escarnho e maldizer. 2.2 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María 2.3 A prosa medieval. |
| 3. A literatura nos séculos XVI-XVIII. | 3.1 O concepto "Séculos Escuros". Unha ilustración galega? |
| 4. O século XIX. O Rexurdimento. | 4.1 Prerrexurdimento, rexurdimento, rexionalismo. 4.2 A poesía. Rosalía de Castro: Cantares Gallegos. 4.3 A poesía. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. 4.4 A prosa e o teatro. Período Intersecular. |
| 5. O século XX. | 5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema. 5.1.1 Grupo Nós. Vicente Risco. Ramón Otero Pedrayo. Afonso Daniel R. Castelao. 5.1.2 As Vangardas. Manuel Antonio. 5.2 A guerra civil. A literatura do exilio 5.2.1 Luís Seoane. 5.3 A recuperación da actividade literaria na posguerra. 5.3.1 A narrativa. Eduardo Blanco-Amor. 5.3.2 A poesía. Movementos e autores. Álvaro Cunqueiro. 5.4. De 1975 á actualidade. Diversificación xenérica. 5.4.1 A narrativa. Xosé Luís Méndez Ferrín. 5.4.2. A poesía. 5.4.3. O teatro. |

Planificación



| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|---------------------------------------|------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Actividades iniciais | B5 | 1 | 0 | 1 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A4 B1 B7 | 11 | 11 | 22 |
| Lecturas | A7 A11 A17 B9 B10 | 0 | 40 | 40 |
| Prácticas a través de TIC | B1 B3 B5 B6 C6 | 1 | 1 | 2 |
| Sesión maxistral | A7 A11 B7 | 30 | 21 | 51 |
| Presentación oral | A4 A15 B4 B7 C1 | 10 | 10 | 20 |
| Seminario | A11 A15 B4 B7 | 12 | 10 | 22 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A7 A11 B3 B5 B8 | 2 | 2 | 4 |
| Traballos tutelados | A9 A11 A14 B1 B3 B5 B6 C1 | 2 | 20 | 22 |
| Proba mixta | A2 A7 A11 C1 | 4 | 35 | 39 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Exposición xeral do funcionamento da materia e realización de actividades prácticas para familiarizar o alumnado co funcionamento de bases de datos e repositorios dixitais, cos recursos bibliográficos, e coa metodoloxía das actividades avaliábeis. |
| Análise de fontes documentais | Lectura, análise e comentario de códigos, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...). |
| Lecturas | Realización das lecturas obrigadas que se indican no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que indique o profesorado. |
| Prácticas a través de TIC | Prácticas en que se utilizarán de maneira case exclusiva os recursos en rede incluídos no apartado 8 da guía. |
| Sesión maxistral | Sesións de traballo en que o profesorado expón os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado. |
| Presentación oral | Exposición na aula, necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio. |
| Seminario | Traballo en grupos reducidos coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de conclusións nas que se envolveren todos os participantes do seminario. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado. |
| Traballos tutelados | Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a orientación e co seguimento do profesorado da materia. As características e condicións de realización do traballo explicaranse no inicio do curso e acordaranse co alumnado. |
| Proba mixta | Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test, etc. |

| Atención personalizada | |
|---|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados Seminario Análise de fontes documentais | Durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos. |

| Avaliación | | | |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| | | | |



| | | | |
|---------------------------------------|------------------------------|---|----|
| Traballos tutelados | A9 A11 A14 B1 B3 B5 B6 C1 | O traballo titorizado consistirá na redacción de unha entrada para a Galipedia ou na revisión doutra xa existente. Con carácter xeral o traballo realizarase en grupos de tres estudantes. Instrucións específicas serán proporcionadas nas aulas e publicadas na plataforma moodle. | 20 |
| Lecturas | A7 A11 A17 B9 B10 | As obras de lectura obrigada serán obxecto de traballo específico nas aulas de grupo reducido. A avaliación realizarase tendo en conta o traballo levado a cabo nestas sesións e a elaboración de dous comentarios, un por cuatrimestre, que deberán seguir as pautas indicadas polo profesorado. | 20 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A7 A11 B3 B5 B8 | Cada estudante deberá asistir a dous eventos (conferencias, mesas redondas, exposicións etc.) de entre os recomendados polo profesorado ao longo do curso académico. Sobre cada evento deberá ser cumprimentada, de acordo coas instrucións do profesorado, a ficha de valoración que estará dispoñible na plataforma moodle. | 10 |
| Proba mixta | A2 A7 A11 C1 | Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test... A través da proba mixta, avaliarase o seguimento das sesións maxistras, a realización das lecturas etc. Esta proba será única mais realizarase en dúas partes: a primeira no mes de febreiro; a segunda, no mes de maio na data fixada oficialmente pola Facultade. | 50 |

Observacións avaliación

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados na plataforma Moodle no inicio do curso.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados á ferramenta para a detección de plaxio Turnitin.

O alumnado terá de entregar os traballos e as actividades nos prazos establecidos nas aulas.

1. Requisitos para superar a materia

Para superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10. Tendo en conta esta condición, a cualificación final da materia responderá á aplicación das porcentaxes das actividades avaliábeis. Caso de a suma das cualificacións do conxunto superar o 5 mais sen obter o mínimo de 4 na proba escrita, farase constar como cualificación final a obtida na proba escrita (calculada sobre 10, sen ponderar).

2. Non presentado/a

Será considerado NON PRESENTADO/A quen non se presente a ningunha das partes da proba escrita.

Isto é, quen se presentar a calquera das probas escritas, terá a consideración de PRESENTADO/A.

3. Segunda oportunidade

O alumnado que non superar a materia na primeira oportunidade, terá unha segunda no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberán ser presentadas/realizadas as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará o profesorado.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 sobre 10 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

4. Dispensa académica

O/a estudante que teña concedida dispensa académica deberá pórse en contacto coa profesora Teresa López (t.lopez@udc.gal) antes do día 30 de setembro.

5. Alumnado de segunda matrícula e posteriores ou con incompatibilidade horaria por razóns laborais

O alumnado con estas características que non poida asistir ás aulas con regularidade deberá alertar sobre este feito a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 30 de setembro.

6. Convocatoria adiantada de decembro

Consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba oral (50% da cualificación) que versará sobre as lecturas propias da materia.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | Obras de lectura: Selección de textos medievais. Rosalía de Castro, Cantares gallegos. Afonso Daniel R. Castelao, Cousas. Ramón Otero Pedrayo, Contos do camiño e da rúa. Rafael Dieste, A fiestra valdeira. Luís Seoane, A soldadeira. M ^a Xosé Queizán, A orella no buraco. Manuel Forcadela (ed.), Poesía de posguerra. Xosé Luís Méndez Ferrín, Amor de Artur e outros contos con Tagen Ata ao lonxe. Unha obra do século XXI asignada polo profesorado entre tres propostas por cada estudante. Cando for preciso, o profesorado indicará as edicións recomendadas para a lectura. |
| Bibliografía complementaria | O profesorado da materia proporcionará unha listaxe de recursos bibliográficos específicos para os temas tratados nesta materia a través da plataforma virtual moodle. Como obras de consulta de carácter xeral, indícanse agora as seguintes: Carballo Calero, Ricardo, Historia da Literatura Galega Contemporánea, Galaxia, Vigo, 1981. Tarrío, Anxo, Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica, Xerais, Vigo, 1997. Tarrío, Anxo (coord.), Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV), Hércules de edicións, A Coruña. Tato Fontaiña, Laura, Historia do teatro galego. Das orixes a 1936, A Nosa Terra, Vigo, 1999. Vilavedra, Dolores (coord.), Dicionario da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1995-2000. Vilavedra, Dolores, Historia da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1999. VV. AA., Historia da Literatura Galega, A Nosa Terra, Vigo, 1996, 5 vols. E os recursos en liña: Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura: http://www.poesiagalega.org/ Asociación de escritores en lingua galega, cun centro de recursos virtuais: http://www.aelg.org Biblioteca virtual de prensa histórica: http://prensahistorica.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion Biblioteca virtual galega da Universidade da Coruña: http://bvg.udc.es/index.jsp Centro Ramón Piñeiro: dicionario de termos literarios, base de datos da lírica profana galego-portuguesa, informes de literatura: http://www.cirp.es Fundación Curros Enríquez: http://www.currosenriquez.es/ Fundación Rosalía: http://www.rosaliadecastro.org/ Galiciana. Biblioteca de Galicia: http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion http://www.culturagalega.org/lg3 (portal da lingua do Consello da Cultura Galega) Mediateca do Consello da Cultura Galega: http://consellodacultura.org/mediateca/index.php Plataforma open access de revistas científicas electrónicas españolas e latinoamericanas: http://www.erevistas.csic.es/directorio.php?idClas=6 Portal da Cantigas Medievais Galego-Portuguesas, Projeto Littera da Universidade de Lisboa: http://cantigas.fcsh.unl.pt Real Academia Galega, hemeroteca e biblioteca virtual: http://academia.gal Repositorio institucional da Universidade da Coruña: http://ruc.udc.es/dspace/Sección Letras Galegas da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: http://www.cervantesvirtual.com/areas/letras?galegas?0/ |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

O/a estudante que precise falar co profesorado fóra do horario de atención establecido oficialmente, poderá concertar unha cita a través do correo electrónico, nos enderezos que figuran nesta guía. Para as comunicacións relativas á materia, o profesorado utilizará como canais preferentes, ademais da comunicación oral nas aulas, a plataforma moodle e o enderezo de correo electrónico institucional do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías